

(...)
Cando quero surrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é clara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E mátame o silencio
de non decir Moraima.

Celso E. Ferreiro
(1972)

Biblioteca escolar

GUÍA DE LECTURA

Semana da Poesía

26 a 30 de Maio 2008

...A poesía serve para ler, cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, declararse, rebelarse contra o mundo ou unicamente para falar suave á orella. Tamén é un somnífero para durmir ben, unha pastilla sen química que mellora a saúde e o benestar, e relaxa as persoas. E serve, sobre todo, para explicar as razóns e as emocións que non veñen no diccionario.

Os poemas son como caixas de ferramentas, valen para todo: para sentilos, manosealos, lelos, cheiralos, gardalos nun armario, ensucialos, para ligar, para poñelos enriba da cabeza, penduralos na parede, limpalos, recortalos, reescribilos, merendalos nun bocadillo de papel, ordenalos, metelos na neveira e lelos coa cabeza máis fría, ou deixalos sobre a cama para devoralos á noite, clandestinamente, cando todos se deitaron. Ademais , a poesía cura enfermidades como a impaciencia, os nervios, os pés planos, os enfados, a dor de cabeza, as feridas imprevistas, as dores de amor, as indixestións, a ansiedade e algúnhas gripes...

Fran Alonso

I.E.S. Lama das Quendas

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es

(...)
E é verdade que tampouco eu serei
xa máis a nena dos barcos, a desmedrada
nena que amaron os teus ollos, nin aquel
o peirao, nin o mar mesmo que outrora
vimos irisar de gasóleo, como un lombo
de rincha , como un eterno verán.
Pero teño aínda a memoria, teño a vixía,
e a afirmación de que fomos felices,
e que os nenos tiñan ollos de luz
e que eran vosos. E vosa era tamén
a mocidade.

Helena de Carlos

(…)

Pedínlle que me pintase unha
tempestade
un trebón no velador
o bosque
as árbores
espidas
a luz
a luz da tormenta
na casula da landra
e os paxaros do inverno

Chus Pato

en vez dunha casa
perdida
teño extraviada
a ausencia

o seu derramamento
en col das tellas

ausencia
dos días
entregados.

Rafa Villar

Veleiquí o meu
ventre sen luz onde non vive nada.

Veleiquí a mañán
de outono, con ordenadas néboas
sóbor
do Ulla, en tristísima terra de Bea.

Veleiquí os camaradas
perdendo unha batalla cada día
e gañando o futuro e o fulgor
nos ollos e nas queixadas de metal.
(...)
X. L. Méndez Ferrín

Vexo portanto eiquí Touro Sentado
no patio de tras onda a vella adega no
silencio
somentes interrupto polo arfar da
curuxa farta de ratos
en Vilanova dos Infantes
vai Touro Sentado sobre o seu pedrés
ou pinto contemplando
a chaira
(...)
X. L. Méndez Ferrín

Despedida
hoxe choro
e non é de amor
mais de soidade

hoxe que marchas
coa túa equipaxe de tristezas

e a cama é enorme
e branca

Eduardo Estévez



Porque estabas no aire
onde eu vivía
e tendíasme a man
aberta e limpa,

deiche pantrigo
pandeado en silencio,
meu doce amigo.

Mº Victoria Moreno

EU SON A QUE NIN AGARDA.
SON O SUXEITO CAPITAL DESTA
RENUNCIA.
SON O AURIGA DO ARDENTE CARRO.

SON A EGOÍSTA PORQUE ESTÁ SOA.
A QUE FOI A SÚA MEDIDA.
A DA ÚNICA DINASTÍA DE ADNALOY.

Yolanda Castaño